



**Avaliación de diagnóstico
2.º curso de educación secundaria obrigatoria
Curso 2024-2025**

Caderno

Espazo para pegar
a etiqueta identificadora do/a alumno/a
pola persoa que aplica a proba

**Proba de avaliación competencial
Xeografía e Historia**

Instrucións



Nesta proba vas ler unha serie de textos sobre os que terás que responder algunhas preguntas. Pon moita atención.

Algunhas preguntas terán **catro posibles respostas**, pero **só unha** é correcta, EXCEPTO cando se indica o contrario. Rodea a letra que se atopa xunto a ela. Fíxate no exemplo:

Exemplo 1

Cantos días ten a semana?

- a) 6 días.
- b) 7 días.
- c) 8 días.
- d) 9 días.

Se te equivocas ou decides cambiar a túa resposta, risca cunha aspa (X) a túa primeira escolla e rodea a resposta que consideras correcta.

Exemplo 2

Cantos días ten a semana?

- a) 6 días.
- b) 7 días.
- c) 8 días.
- d) 9 días.

Ás veces, terás que **poñer unha aspa (X)** no recadro correspondente.

Exemplo 3

Marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeiro	Falso
Unha semana ten 7 días.	X	
Unha semana ten 8 días.		X

Tamén haberá preguntas nas que che pedirán que **escribas as túas respostas** nun espazo sinalado.

Exemplo 4

Ecolle a correcta e escribe no espazo proporcionado:

Unha semana ten 7 (horas/días/anos) días



Tes **70 minutos** para facer a proba.



Debes utilizar un bolígrafo de tinta azul ou negra non borrable.



Le cada pregunta atentamente e non contestes antes de ler todas as opcións.



Se non sabes contestar algunha pregunta, non perdas o tempo e pasa á seguinte.



Intenta completar toda a proba.



Se ao rematar che sobra tempo, podes volver atrás.



Avisarante dúas veces: cando falten 30 minutos e cando falten 10 minutos.

Temporizador (bit.ly/3OQbF3w). Resto de iconas: Flaticon.com

Intenta facelo o mellor que poidas!

Benvinda/o ao proxecto ***A auga como elemento vertebrador da civilización: dende a Idade Media ata a actualidade***. Este ano o centro participa nun programa europeo enmarcado nos proxectos Erasmus+, no que alumnado de diferentes centros da Unión Europea compartirá experiencias educativas tendo como fío condutor a auga e a súa vinculación coas relacións de poder. Deste xeito, imos realizar un intercambio con alumnado da cidade francesa de Reims e poñer o foco no Baixo Miño, pois ofrécenos unha excelente oportunidade para comprender a importancia da auga, mariña e continental, no establecemento de relacións de poder en Galicia. Daquela, é preciso que nos situemos na contorna na que imos traballar e que despois visitaremos. Este mapa pode axudarche.



Fonte: Canva

Fonte: Concello de Tui (Río Miño: un destino navegábel)

P.1. Como alumna/o da materia de Xeografía e Historia sabes da importancia que teñen as fontes históricas, tanto primarias coma secundarias, para poder obter información.

Observa o mapa e completa os ocros coas palabras axeitadas.

secundaria, interpretación, primaria, información

O mapa sobre o Baixo Miño é unha fonte a)_____ porque foi elaborada na actualidade e é unha b)_____ de primeira man da realidade que se representa. Se fose unha fonte c)_____, aparecería unha d)_____ dalgunha/dalgún historiadora/or.

P.2. O mapa mostra multitude de elementos que compoñen o patrimonio cultural do Baixo Miño. A propia vila de Tui foi declarada Conxunto Histórico Artístico en 1967.

Cal destes exemplos do patrimonio cultural do Baixo Miño se identifica mellor coa Idade Media?

- Catedral de Santa María de Tui.
- Petróglifos das Carneiras.
- Castro de San Caetano.
- Ponte internacional Tui-Valença.

P.3. O legado xudeu de Tui, a muralla ciclópea do monte Aloia, a fortaleza de Valença do Minho e a Catedral de Santa María de Tui tamén son parte do patrimonio arquitectónico de interese histórico.

Cal das seguintes opcións integra correctamente o significado histórico e cultural destes sitios en relación coas civilizacións que os crearon?

- Son testemuño exclusivamente da influencia romana e visigoda na Península Ibérica.
- Representan a influencia da cultura romana, xudía, cristiá e as fortificacións renacentistas.
- Reflicten unicamente o desenvolvemento artístico do cristianismo en Galicia.
- Son exemplos illados de arquitectura sen conexión coas civilizacións antigas ou medievais.



Fonte: Concello de Tui e Canva



P.4. Como podemos observar, este territorio está cheo de oportunidades para desenvolver diferentes actividades. Hoxe en día poderíamos dicir que, nunha sociedade baseada nos principios de liberdade e igualdade, calquera persoa podería levar a cabo calquera destas actividades, pero o certo é que no pasado non sempre foi así.

Que actividade das que aparecen no mapa podía facerse xa na Idade Media tanto polos reis, a nobreza, relixiosos, vasallos e servos?


- Realizar o Camiño de Santiago.
- Recoller uva para as adegas de viño.
- Pescar no río Miño.
- Presidir unha cerimonia na Catedral de Tui.

Estamos xa na segunda fase do noso proxecto, onde imos comprobar a importancia da auga, fundamental para comprender as relacións de poder. O mar foi un espazo de comunicación, de comercio e tamén de grandes desprazamentos militares. Os ríos, pola súa parte, serviron de vía de entrada de pobos invasores, pero tamén favoreceron as actividades económicas. E sabedes quen aproveitou esta situación para facer incursións en Tui e mais en Reims? Pois os viquingos.

Fonte: Markos Mendiguren



Fonte: Wikipedia e Canva



P.5. Os mares e ríos foron vías de entrada para distintos pobos invasores. Os viquingos non foron os únicos pobos que chegaron á península a través destas vías.

Cando chegaron á Península Ibérica, atopáronse:

- a) Cos romanos, que chegaron á península a través do océano Atlántico.
- b) Cos visigodos, que chegaron á península a través do río Ebro.
- c) Cos musulmáns, que chegaron á península a través do mar Mediterráneo.
- d) Cos francos, que chegaron á península a través do río Douro.

P.6. As incursións viquingas representaron un punto de conexión entre a Península Ibérica e o desenvolvemento económico, cultural e político-militar da Europa medieval.

A que contribuíron estas incursións? Marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeiro	Falso
A integrar a Península Ibérica nos grandes procesos históricos da Europa medieval.		
Á creación dunha rede de alianzas defensivas e comerciais cos reinos cristiáns do norte.		
A deter completamente o comercio marítimo na Península Ibérica debido ao temor a ataques viquingos.		

P.7. Elixe as palabras adecuadas, enchendo os ocos que aparecen no seguinte texto.

Sevilla, 845, 1014, Tui, A Coruña, Reims, París

Os viquingos tamén fixeron incursións na Península Ibérica, desembarcando en Xixón. Máis tarde, Ramiro I de Asturias venceunos en a)_____. De aí chegaron ás costas de Lisboa; Cádiz e incluso ata b)_____.

Desde o século X os viquingos comezaron a aparecer cada vez máis en Galicia. Así, no ano c)_____, dirixidos polo rei Olaf atacaron Castropol, Betanzos, Ribas de Sil e d)_____, desembarcando e remontando o río Miño.

P.8. Se reparas no mapa, os viquingos levaron a cabo incursións por toda Europa. Entraban nas cidades e saqueábanas, como aconteceu en Reims e Tui, de maneira que en moitas ocasións destruían o seu rico patrimonio histórico.

Valora a relevancia deste patrimonio artístico que se espallaba pola Europa da Idade Media. Marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeiro	Falso
A arte na Idade Media tiña como obxectivo exaltar a gloria de Deus, xa que nese momento o cristianismo era a única relixión que estaba presente.		
A arte gótica empregaba arcos de medio punto, a diferenza do románico, que empregaba arcos apuntados.		
Tanto na pintura coma na escultura románica, os temas representados eran basicamente relixiosos, e as figuras eran hieráticas.		

Seguimos coa terceira fase deste proxecto: o momento da saída didáctica á vila de Tui, á que nos acompañará o alumnado chegado de Reims. A visita estará dirixida por unha guía turística.

Benvidas e benvidos a Tui!!!
Ao igual que Reims, Tui foi unha importante cidade comercial ao longo da historia, sobre todo na Idade Media. Como sabemos este dato? Veña, fixédevos nestes documentos.



Fonte: Canva

E que os mercadores de Tui poidan ir e vir con seguridade por todo o reino, e que ninguén os dane, a non ser que sexan debedores ou fiadores. [...]. E se alguén lle quita ao mercador de Tui os seus bens por forza, debe devolvelos dobrados e pagar ao rei cincocentos soldos. E outórgase a todos os habitantes de Tui a liberdade e o poder de mandar, dispor dos seus bens e facer testamento deles a quen desexen no momento da súa morte [...].

Foro de Tui, do rei Fernando III, con data do 4 de xuño de 1250.

Tui e Valença [...]. Intercambiaron produtos, posuiron terras nunha beira ou outra indistintamente, acudiron a feiras e festas nas vilas ribeiregas e estreitaron lazos por vía matrimonial. Tratouse dunha relación de complementariedade económica e social, manténdose relacións comerciais continuas [...]. Esta realidade non podía ser ignorada polos gobernantes dos reinos e en non poucas ocasións atopamos lexislación referente ás relacións entre estas vilas fronteirizas, con privilexios sobre o comercio con exención de taxas, libre circulación dalgúns produtos, etc.

*Paz Romero Portilla.
"Un observatorio privilegiado de las relaciones entre Castilla y Portugal: Tui en la Edad Media"*

P.9. A lectura do texto do Foro de Tui permítenos entender a importancia do comercio e tamén como era a organización da sociedade estamental na Idade Media.

A organización da sociedade en estamentos significa que a sociedade era:

- Igualitaria, xa que toda a poboación tiña os mesmos dereitos.
- Igualitaria, xa que os mercaderes tiñan os mesmos privilexios.
- Xerarquizada, xa que só uns poucos tiñan privilexios.
- Xerarquizada, xa que só o campesiñado tiña privilexios.

P.10. O coñecemento do pasado é imprescindible para comprender correctamente o noso presente. Grazas ás fontes históricas, a guía turística pode contarnos moitos datos interesantes.

Tendo en conta a información que se achega, marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeiro	Falso
O texto do Foro de Tui é unha fonte primaria porque foi elaborado na época á que fai referencia.		
As fontes secundarias, como o texto de Paz Romero, son máis fiables porque dan a súa opinión de algo que aconteceu no pasado.		
Os textos do Foro de Tui e o de Paz Romero son fontes primarias porque falan do mesmo, é dicir, dos mercados e as feiras.		

P.11. Como comprobamos nos textos, durante a Idade Media, Tui e o Baixo Miño experimentaron transformacións relacionadas sobre todo coas feiras. Estas dinámicas diferían doutros momentos históricos, como a Idade Moderna, onde se consolidan os gremios e se expande o comercio marítimo.

Cal das seguintes afirmacións explica mellor os cambios históricos en Tui e o Baixo Miño en comparación con outros períodos?

- A regulamentación dos gremios foi unha característica exclusiva da Idade Moderna en Tui, sen relevancia na Idade Media.
- O Baixo Miño dependía exclusivamente da economía agraria durante toda a Idade Media, sen cambios significativos no comercio.
- Tui e Valença deixaron de manter relacións comerciais na Idade Moderna debido a que neste período desapareceron as taxas aos produtos comerciais.
- Na Idade Media, o comercio local e as feiras impulsaron Tui como centro económico, mentres que na Idade Moderna dominou o comercio marítimo.

P.12. Como mostra o texto de Paz Romero, a auga é a fronteira entre dous territorios veciños, inimigos nalgunhas etapas da historia, pero tamén fonte de oportunidades para a cooperación.

Reflexiona e indica de que maneira se poderían fortalecer máis as relacións entre Tui e Reims:

- Mediante misións diplomáticas que creasen alianzas para enfrontarse a inimigos externos.
- Desenvolvendo rutas de peregrinación, actividades comerciais e o contacto entre os pobos.
- Facendo un control das fronteiras para dificultar a entrada de persoas e produtos foráneos.
- As relacións non se podían mellorar por culpa da enorme distancia entre estes territorios.

Durante o noso percorrido imos comprobar como as pegadas do pasado a través dos espazos foron dotando de identidade á vila de Tui. De feito, este mesmo fenómeno podemos atopalo en moitas cidades de España e Europa, como pode ser a propia cidade de Reims.

Como veremos, as cidades e vilas non son froito do azar, senón consecuencia da organización e dos usos que lle foron dando ao longo do tempo os seus habitantes, uns usos sempre acordes ao momento no que lles tocou vivir e ás súas necesidades.



Fonte: Sara Quintana e Xosé Tomás. Concello de Tui

P.13. Ao longo da historia, a poboación pasou por ciclos de diminución e crecemento. Froito da industrialización no s. XIX e da mellora das condicións de vida, as cidades e vilas convertéronse en polos de atracción de poboación, o que supuxo un proceso de forte crecemento demográfico. Por esta razón, víronse na obriga de ampliar os seus espazos e eliminar barreiras arquitectónicas do pasado.

Cal das seguintes afirmacións reflicte mellor os ciclos demográficos ao longo da historia?

- A poboación sempre creceu sen interrupcións, polo que as cidades ampliaron os seus espazos.
- As crises só afectan ás cidades, non ao campo, onde a poboación seguiu medrando.
- A poboación nunca se recuperou tras unha crise, de maneira que foi diminuindo.
- As guerras e epidemias sempre provocaron despoboamentos seguidos de recuperacións.

P.14. A poboación de Tui sufriu moitos cambios.

A partir dos datos da táboa de natalidade e mortalidade, cal das seguintes afirmacións reflicte mellor a relación entre estes indicadores e o envellecemento da poboación?





- a) Unha taxa de nacementos inferior á taxa de mortalidade contribúe ao envellecemento progresivo da poboación.
- b) O envellecemento da poboación é consecuencia dun aumento dos nacementos respecto á mortalidade.
- c) O aumento dos nacementos e a diminución da esperanza de vida son factores que aceleran o envellecemento poboacional.
- d) Unha alta taxa de mortalidade en comparación cos nacementos implica unha poboación maioritariamente nova.

Evolución nacementos e defuncións			
Ano	Nacementos	Falecidos	Diferenza
2022	96	201	-105
2021	96	192	-96
2020	107	161	-54
2019	117	150	-33
2018	108	183	-75
2017	129	185	-56
2016	106	172	-66
2015	136	202	-66
2014	134	182	-48
2013	162	152	10
2012	125	137	-12
2011	155	156	-1
2010	145	144	1

Fonte: INE

P.15. O turismo é un dos motores económicos máis importantes de Galicia, e en Tui, coa súa riqueza histórica, está a converterse nun recurso clave. Porén, o aumento do turismo pode supoñer retos, o que fai necesaria unha planificación para preservar tanto a paisaxe coma o valor cultural da vila.

Repara nas seguintes imaxes que aparecen no mapa e completa o texto:

 Turismo de sol e praia	 Turismo de longas distancias en tren	 Turismo na natureza	 Turismo cultural
a) O _____ require da construción de estradas e grandes infraestruturas como pontes, sistemas de abastecemento de auga, así como de servizos de restauración: hoteis, restaurantes, comercio, etc.			
b) O _____ pode alterar a fauna e a flora que habita nestes espazos, poñendo estas especies en risco de desaparición. Tamén pode chegar a desprazar comunidades locais.			
c) O _____ transforma os centros históricos, tende a expulsar os residentes habituais en favor de espazos dedicados á restauración e ao comercio, e pode alterar a convivencia coa veciñanza.			
d) O _____ favorece a creación de grandes infraestruturas. Aumenta a capacidade de atracción de turistas grazas á súa capacidade de transportar gran número de pasaxeiros e pasaxeiros.			

Chegamos ao final do proxecto. Esperamos que disfrutases desta viaxe por Tui!!!

Moitas grazas polo teu esforzo!